

MALASOMBRA PRESENTA

UNHA ÓPERA ROCK

VOX POPULI

ELENCO ☐ Carlos Mosquera 'Mos' ☐ María Costas ☐ Paku Granxa ☐ César Goldi ☐ Bea García ☐ Paula Pier ☐ Xoque Carbajal ☐ Iria Sobrado ☐ Celia González	 IDEA ORIXINAL ☐ Xoque Carbajal
ESCENOGRAFÍA E VESTIARIO ☐ Diego Valeiras	 TEXTO E DIRECCIÓN ☐ Jose Prieto
ILUMINACIÓN ☐ Xoque Carbajal	 MÚSICOS ☐ Lorena Martín ☐ Pablo Leira ☐ Chechu Mosquera
	 CREACIÓN MUSICAL ☐ Carlos Mosquera 'Mos'

COA COLABORACIÓN DE



SUBENCIONADO POR



AGADIC

MALASOMBRA PRODUCTIONS

Proxecto: VOX POPULI

ÓPERA ROCK INTERPRETADA POR 12 ACTRICES, ACTORES E MÚSICOS



MALASOMBRA PRODUCTIONS

VOX POPULI

Idea orixinal: Xoque Carbajal.

Textos e dirección: Jose Prieto.

Autor e director musical: Carlos Mosquera “Mos”.

Elenco: Carlos Mosquera “Mos”, María Costas, César Goldi, Paku Granxa, Bea García, Paula Pier, Xoque Carbajal, Celia González, Iria Sobrado, Pablo Leira, Chechu Mosquera e Lorena Cachito.

Escenografía e vestiario: Diego Valeiras.

Iluminación: Xoque Carbajal

QUE É VOX POPULI?

VOX POPULI é unha ópera rock con música e letras orixinaís, interpretada por seis actrices, tres actores e tres músicos, que fala do auxe da ultradereita na época actual e que toca unha gran cantidade de temas directamente relacionados con este fenómeno, tales como a inmigración, as liberdades e os dereitos sociais.

RAZÓNS PARA LEVAR A CABO O PROXECTO.

A preocupación por un tema de tanta transcendencia social como é o auxe da extrema dereita a nivel mundial é o detonante que pon en marcha este proxecto. O afán por facer desta preocupación un gran acto de comunicación teatral crea a necesidade de poñelo en marcha adoptando a forma de espectáculo de gran formato, cunhas dimensións no elenco e nos elementos visuais pouco habituais nunha compañía de carácter privado. Pensamos que a importancia do tema a tratar tiña que ser proporcional á súa posta en escena, de aí que a ambición por levar a cabo este espectáculo de grandes dimensións sexa unicamente a de considerar que este é o método e o vehículo axeitado para provocar un grande interese e un grande impacto entre o público, e polo tanto, entre a sociedade.



ÓPERA ROCK

Á hora de elixir un medio para comunicar de xeito claro e contundente as ideas que queríamos transmitir, non tardamos en decidir que o rock era o soporte ideal sobre o que se tiña que soste o espectáculo e que tiña que ser con música orixinal creada para a ocasión. Este xénero musical, con todas as súas variantes máis clásicas, cumpre con todas as condicións para exercer de altofalante perfecto cando se trata de chegar con enerxía ao interior dos espectadores. O rock ten ademais esa carga xenética contestataria e desafiante que foi o motor de moitos movementos sociais, dende as revoltas contra a guerra do Vietnam ata as protestas contra a opresión e o autoritarismo de calquera tipo de ditadura.

As cancións individuais do rock cumpriron sempre con ese papel en protestas e reivindicacións, pero a idea que popularizaron The Who con “Tommy”, de contar unha mesma historia a través de todas as cancións do disco en lugar de contar unha historia distinta con cada canción, dando lugar así a denominada ópera rock, fixo entrar o rock noutra dimensión, e poder así, a partir dese concepto crear espectáculos compactos, unidos por unha temática común e no que cada canción serve para matizar distintos aspectos do tema principal, como ocorre no caso de “The wall”, de Pink Floyd.

Por todo isto foi que consideramos a ópera rock como o entorno ideal para desenvolver este proxecto.



696 46 29 29 (Xoque Carbajal)



xoquecarbajal@gmail.com



/malasombraproductions



@malasombra_productions



<https://malasombra.gal>

